

Matilde Villaverde Martínez

Cando Manuel Coto foi obrigado a loitar no bando que acababa de dar un golpe de Estado, a súa moza Matilde estaba esperando unha filla, así que el quixo herdalle unha vida mellor e desertou para engrosar as filas do exército que defendía os seus ideais democráticos. Tiña 23 anos.

A última nova que Matilde tivo del foi unha carta escrita desde Zaragoza o 3 de decembro de 1936.

“Amor mío, quiero en esta carta demostrarte y hacerte patente todo lo que para ti pienso, para que estés tranquila y confíes ciegamente en mí si la suerte me acompaña. Pues esta carta es fiel reflejo de todo mi pensamiento que pienso cumplir contigo (...) te ofrezco incondicionalmente todo mi amor y cariño (...) no quiero que tengas más penas ni sufras. Tampoco ni tengas la duda de que te olvide”.

Quería volver axiña a Marcón, para casar con ela e criar xuntos a filla.

“(Voy a) hacerte el juramento que contigo voy a cumplir. Pues tan pronto como cumpla este deber y vuelva a mi casa lo primero que voy a hacer es arreglar todas mis cosas para en el menor tiempo posible casarnos (...). Si esto se arregla pienso estar en casa para Carnavales (...) Esto es todo mi deseo si las circunstancias no me lo prohíben por el motivo de la guerra. Habrá que esperar una temporada más pero nunca es tarde si la dicha es buena y nosotros seremos dichosos porque yo



te lo aseguro, porque yo seré para ti un marido cariñoso y bueno y te daré una vida feliz y una compañía que no será comparada por nadie de cuantos matrimonios hay en Marcón”.

Mandou a carta cando estaba a piques de abandonar Zaragoza para incorporarse á fronte, pero prometeu escribir axiña de novo para que soubese cal era o seu paradoiro. Nunca puido facelo. Matilde deu a luz soa e morreu sen saber que o pai da súa filla finara no campo nazi de Gusen un mes despois de que a pequena Manuela cumprira os seis anos.

Tras a vitoria do exército do que desertara, Manuel cruzara a pé a fronteira con Francia para acabar internado no campo de refuxiados de Vernet. Pero cinco meses despois de rematar a guerra civil española, a invasión de Polonia provocou que Francia e Inglaterra entrasen en guerra con Alemaña e centos de exiliados españois volveron tomar as armas para liberar Europa do fascismo que en España representaba Franco.

O pai de Manuela -chamada así porque el lle pediu a Matilde naquela carta que lle puxera o seu nome á criatura que levaba no ventre- nin sequera viviu dabondo para coñecer que a democracia española fora traizoada polos aliados. En 1940 foi detido polos alemáns e confinado nun *Frontstalag*, unha das zonas de tránsito que os nazis habilitaron no norte e no leste para reter soldados antes de envialos aos campos de concentración ou de traballo forzoso situados en Alemaña.

A primeira vez que un cidadán do Estado español pisou un campo de concentración nazi foi en agosto de 1940. Un mes despois, Adolf Hitler entrevistouse co Ministro de Gobernación, Ramón Serrano Suñer, cuñado de Franco, e nese encontro “acórdase endurecer as medidas contra os españois internados nos Stalag e outros lugares e depórtanse sistematicamente a Mauthausen -e as mulleres a Ravensbrück- logo de localizalos a Gestapo”, segundo explica o historiador pontevedrés Xosé Álvarez Castro.

Os republicanos son considerados polo fascista goberno español como apátridas, “de acordo co costume de presentalos como antinacionais, antipatriotas ou non españois”. Por iso, sobre o coñecido uniforme do traxe a raias dos campos levaban un triángulo invertido de cor azul, destinado precisamente aos que non tiñan patria, cun S de *spanier*, en referencia ao lugar de orixe que agora os rexeitaba. Como ben apunta o profesor, a actuación cos españois nos campos foi, por parte alemá e de acordo co goberno de Franco, a continuación das prácticas de eliminación levadas a cabo en España.

Tras o seu paso polo *Frontstalag*, ou campo de paso, Manuel foi internado no Stalag XI-B, en Bad Fallingbomel, e o 25 de xaneiro de 1941 foi trasladado a



Mauthausen con outros 1.505 españois. Era un paso máis cara ao inferno. Os Stalag estaban controlados por militares e observábanse as consideracións establecidas no Convenio de Xenebra para os presos de guerra, podendo recibir correspondencia ou paquetes das familias, pero Mauthausen era un campo de concentración das SS e alí a vida dunha persoa non valía nada.

Manuel fixo a viaxe, de dous días, no mesmo convoi que trasladaba o coñecido fotógrafo Francesc Boix:

“Entran o mesmo día no Stalag de Fallingbostel e tamén en Mauthausen. Francesc co número 5.185 e Manuel co 5.123”.

José Laredo, sobriño neto de Manuel Coto

Posteriormente, o compañeiro de Matilde foi destinado a Gusen e o seu nome aparece na listaxe dos 26 presos españois que foron operados polo cirurxián nazi Aribert Heim, coñecido como “o carnicero de Mauthausen”. Non sabemos cal foi a súa doenza exacta pero segundo o artigo “Españoles en manos del Doctor Muerte”, publicado en 2009 polo xornal *El País*, Heim tratou sobre todo incisións, hernias e fracturas de extremidades. Nese mesmo artigo, José Alcubierre, sobrevivente do campo, explicaba: “Ninguén quería visitar aquela terríbel enfermaría. Todos sabíamos que, aos máis débiles, se lles puña inxeccións letais. Se tiñas unha doenza agochábala para que non te levasen alí. Operaban só os presos que lles interesaba conservar”. Quizais o interese por Coto viña da súa formación como canteiro. Segundo a súa filla Manuela tiña habilidade coa talla da pedra e os presos dos campos traballaban fundamentalmente en canteiras de pedra.

Faciano, explica Álvarez Castro, en xornadas de doce horas e cunha alimentación moi pobre a base de patacas con nabos e cenorias, sopa augada e, de cea, un cacho de pan cun pouco de margarina ou salchichón. Iso provocaba continuas mortes por extenuación e enfermidades, que se sumaban aos asasinatos a través de distintos métodos, desde o fusilamento ao aforcamento, pasando polo gaseamento ou as duchas xeadas, coñecidas como baños da morte. Di que as condicións de Gusen eran especialmente inhumanas e a esperanza de vida era inferior a seis meses. Os *kapos* -ou cabos de vara, que sería a tradución do termo empregado para denominar os gardas- eran católicos polacos “que trataban moi mal aos españois aos que consideraban comunistas anticatólicos”.

Manuel Coto só logrou sobrevivir até o 2 de xuño de 1943.

Matilde nunca soubo da súa morte. Pasados dez anos sen novas casou con outro home, como el lle dixera naquela última carta:



“Si por desgracia me muero por mi querida patria, entonces es un caso de fuerza mayor, pero tú no te olvides de mí.

Y si yo me muero, al hijo que tengas le pondrás el nombre mío, y si es mujer lo mismo. Y le enseñarás siempre un retrato de su padre que por España perdió la vida (...) y si tú te casas te aconsejo que por tu marido sea respetado nuestro hijo”.

Fragmento da carta de Manuel Coto a Matilde Villaverde.

Laureano Argibay era tamén veciño de Marcón e Matilde tivo con el outra filla, Lola, que tamén quedou axiña orfa. O seu pai estivera na fronte e nunca puido superar as secuelas do horror. Morreu no sanatorio mental de Conxo catro anos despois da voda.

Matilde sacou as nenas adiante coa axuda da súa nai e do seu irmán Eugenio, segundo conta a súa neta Lidia, a filla de Manuela:

“A vida a partir de aí, imaxine como puido ser. Sorte que ela tiña a súa mamá e o irmán, que como ela dicía valía ouro, que sendo mozo e todo, a miña nai vía nel representada a figura paterna, porque outra non tivo. Como todas as mulleres que quedaron aí, a miña avoa seguiu adiante loitando, chorando e cantando entre bágoas. Por iso a bendición máis grande que tivo foron o tío Eugenio e a súa muller, a tía Lola. Eu lembro ser nena e a miña avoa escribir todos os meses a España. Todos os meses escribiamos cartas, mesmo eu ao meu curmán. Por iso sei tanto da súa terra. A miña avoa nunca puido esquecer iso”.

Lidia Riciardelli, neta de Manuel Coto e Matilde Villaverde.

Cando Milucha -que así foi como lle chamaron sempre na casa cariñosamente a Manuela Villaverde, a filla de Manuel e Matilde- foi maior casou cun italiano emigrado na Arxentina e afincou alí, levando axiña consigo a súa nai e a súa irmá. O home de Manuela tiña unha empresa do sector téxtil e Matilde traballou nunha fábrica de embutidos. Pouco a pouco foron facendo vida na Arxentina e, aínda que fixeron varias visitas a España, alí finou Matilde e alí segue vivindo a día de hoxe a súa filla.

“Foron saíndo adiante pero sempre con esa dor e esa esperanza de que algún día puidera volver. A vida non foi nada doada, nin para a miña nai nin moito menos para a miña avoa. Perseguíunas a mala estrela (...) É unha historia, como tantas outras que haberá en España, triste e con moita dor”.

Lidia Riciardelli, neta de Manuel Coto e Matilde Villaverde

Co tempo, Matilde volveu casar con outro Manuel, un veciño de Lugo emigrado na Arxentina que tamén loitara na guerra civil. Pero nunca puido esquecer o pai da súa primoxénita.

“Din que o primeiro amor nunca se esquece e é moi certo. A miña avoa morreu nomeando o pai da miña nai. Pasou os últimos anos nomeándoo. E hai un tango



que sempre cantaba, todos os días que viña á casa. Sus ojos se cerraron y el mundo siguió andando... É un tango fermoso que a *miña avoa cantaba todos os días. Cantaba o tango e choraba lembrándoo a el*".

Lidia Riciardelli, neta de Manuel Coto e Matilde Villaverde

Tamén fixo todo o posíbel para que a súa filla Milucha lle gardara memoria:

"Mamá o único que conserva do seu pai é dúas fotos e a carta que lle enviou á avoa. Di que o seu recordo máis prezado é cando a miña avoa lla entregou. Choraron moito as dúas. Non foi doado criarse sen pai. O que a guerra arrebatou non o devolve nada. A dor e a morte que deixa unha guerra, non se arranxan con nada".

Lidia Riciardelli, neta de Manuel Coto e Matilde Villaverde

Naquelas fichas que os alemáns cubrían cando os presos entraban nos campos, Manuel Coto deu como enderezo de contacto no que avisar en caso de morte o nome dun amigo de Badalona. Quizais non quería que a xente que o amaba soubese do seu infortunio. A súa nai, Felisa Martínez, morreu pensando que se exiliara en Rusia. Manuela defendeu sempre que el non as abandonaría, nin a ela nin á pequena, pero morreu sen sabelo a ciencia certa, e a súa filla Milucha coñeceu que o seu pai estivera preso e finara en Gusen grazas ao labor de investigación realizada polo Concello de Pontevedra para levar a cabo unha homenaxe aos veciños internados nos campos nazis en 2019.

"A miña avoa morreu sen saber se estaba morto. Nunca máis regresou pero non sabía... E a miña nai sábeo agora. Xamais soubemos nada, xamais. Fixemos mil suposicións: que se morrera en combate, en Francia, ou se perdera a memoria... pero non é até agora que sabemos a verdade".

Lidia Riciardelli, neta de Manuel Coto e Matilde Villaverde.